



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de setembro de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día cinco de setembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira (Resolución de Alcaldía de 4/09/19), por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(772).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 30 de agosto e extraordinaria e urxente do 2 de setembro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(773).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN ENTORNO DE FERRAMENTAS E INTERCONEXIÓN ADMINISTRATIVA COAS ADMINISTRACIÓNS XERAL 8784/113

Visto o informe de fiscalización do 2/09/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 30/08/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas e interconexión administrativa coas administracións xeral (8.784-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas e interconexión administrativa coas administracións xeral (8.784-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, con data do 13 de agosto de 2019, adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas e interconexión administrativa coas administracións xeral (8.784-113) na seguinte orde descendente:

	<i>Licitador</i>	<i>Puntuación total</i>
<i>1</i>	<i>IMATIA INNOVATION, S.L.</i>	<i>100 puntos</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., o día 14 de agosto de 2019, que presenta a documentación requirida o 22 e 29 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de agosto de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMATIA INNOVATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMATIA INNOVATION, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 9 de agosto de 2019 e do acordo da Mesa de Contratación do 12 de agosto polo que se lle outorgou a máxima puntuación por tratarse do único licitador admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a IMATIA INNOVATION, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas e interconexión administrativa coas administracións xeral (8.784-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 151.250,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.250,00 euros.*
- b) Propón un número de servizos de intermediación a maiores dos esixidos no apartado 3 do PPT de 5 servizos.*
- c) Inclúe na oferta a implementación da opción avanzada do Cartafol Cidadá.*
- d) Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido no punto 10 da FEC do PCAP en 2 anos (3 anos en total).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(774).- AMPLIACIÓN E MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELEIROS E CONCELEIRAS-DELEGADOS DE ÁREAS. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta da proposta de data 2/09/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Dito marco normativo distingue unha especial estrutura de goberno para este tipo de Concellos, atribuíndo á Xunta de Goberno Local, fronte aos de réxime común, a natureza de órgano colexiado executivo que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas. A dita atribución normativa deriva na asignación dun relevante núcleo de competencias propias recollido no artigo 127 LRBRL, cun claro impacto na xestión diaria dos asuntos de interese municipal.

As dinámicas de funcionamento municipal, a necesidade de imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución dos expedientes administrativos, fan aconsellable delegar en órganos de xestión unipersonal -os concelleiros delegados- unha serie de competencias en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, constituída unha nova Corporación o día 15 de xuño de 2019, para o mandato 2019-2023, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 20 de xuño de 2019 adoptou acordo de delegación de competencias nos Concelleiros/as Delegados/as de Área e nos demais Delegados/as de competencias.

Con posterioridade, polas Áreas e Servizos municipais trasladouse á Secretaría de Goberno Local a conveniencia, a efectos organizativos, e en termos de eficiencia e eficacia de ampliar e modificar o dito acordo, efectuando novas delegacións así como modificando as mesmas en determinadas Concellerías Delegadas, polo que de conformidade coas competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias, no tocante ao apartado III.- **NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS,**



Concello de Vigo

En materia de Transportes

1. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:
 - a) Reserva de estacionamento e paradas
 - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade

Esta competencia pasará a formar parte das competencias xa delegadas na CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE EMPRESA, ECONOMÍA, SEGURIDADE E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL cuxo apartado en materia de Seguridade, quedará redactado do seguinte xeito:

En materia de Seguridade

1. *Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.*
2. *Autorizar calquera ocupación temporal por terceiros do sistema viario público municipal, sempre e cando a ocupación non comporte a necesidade de establecer un réxime concesional sobre o dominio público ocupado, correspondendo no seu caso a elaboración dos informes que resulten legalmente pertinentes e, en xeral, calquera aproveitamento especial que se pretenda facer das vías públicas.*
3. *Autorizar as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vaos), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos hacia os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.*
4. *Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:*
 - a) *Reserva de estacionamento e paradas*
 - b) *Reservas especiais para persoas con discapacidade*
5. *Autorizar as cacharelas de San Xoán e a queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.*

Segundo.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias, no tocante ao apartado V.- **NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL**, onde se incluírá en materia de Contratación unha nova competencia relativa á exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación, quedando redactado este apartado do seguinte xeito:

En materia de Contratación

1. *A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local*
2. *A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.*
3. *A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.*
4. *A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.*
5. *A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.*
6. *Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.*
7. *Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.*

Terceiro.- Así mesmo, en cantos apartados do acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e posteriores modificacións, se faga referencia a leis concretas, substituiranse os enunciados das ditas leis polo termo **“normativa de aplicación”**.

Cuarto.- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

Quinto.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Sexto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Sétimo.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.



4(775).- ADXUDICACIÓN DE CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS PARA USO PRIVATIVO DE CINCEIROS NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE PEREIRÓ E TEIS. EXPTE.11843/255.

Visto o informe de fiscalización do 26/08/19, dáse conta do informe-proposta do 20/08/19, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente e Sanidade, e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

I.1.- O Concello de Vigo: Servizo de Cemiterios ven adxudicando as concesións administrativas de uso dos cinceiros nos cemiterios municipais segundo rigoroso orde de entrada da petición do particular no Rexistro do Concello de Vigo.

I.2. Debido a grande cantidade de peticións de cinceiros, acometeuse a construción de 108 unidades no cemiterio municipal de Pereiró (expte. 11149/255) e de 42 unidades no cemiterio municipal de Teis (expte. 11148/255). Os cinceiros, depósitos para restos cadavéricos, posúen as dimensións interiores de 0,80mx0,80mx0,80m establecidas como mínimas no artigo 27.3. do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.

I.3. Executada a construción dos cinceiros, para réxime de concesión, procede continuar cos trámites para súa adxudicación segundo estrito orde de entrada das peticións dos particulares no Rexistro Xeral Municipal.

II.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL) e Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade (LXS), Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (LSG), Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.
- Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais (ordenanza número 14).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e restantes normas de concordante aplicación.

III.- Fundamentos de dereito:

III.1.- Os artigos 25.2.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL); 42.3.e) da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade e 80.3.f) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establecen a competencia municipal en materia

de cemiterios, actividade funeraria e policía sanitaria mortuoria. Neste senso, o Concello de Vigo é titular dos cemiterios de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns.

III.2.- Os cemiterios municipais de Pereiró e Teis son bens de dominio público municipal, destinados ó servizo público de cemiterios. O Servizo de Cemiterios acometeu a construción de 108 unidades de cinceiros, no cemiterio municipal de Pereiró e de 42 unidades no cemiterio municipal de Teis (expte. 11148/255), para o seu uso privativo en réxime de concesión administrativa, mantendo, en todo momento, o uso de cinceiro, depósitos para restos cadavéricos, que se encadra dentro do uso xeral do cemiterio municipal.

III.3.- Os artigos 2.2 e 4 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e arts. 78 e 80 establecen que o uso privativo dos bens de dominio público estarán suxeitos a concesión administrativa. Asemade, a concesión incluirá, como mínimo, as cláusulas prevista no artigo 80 da dita norma, en especial, establece a obrigaçión de manter en bo estado a porción de dominio utilizado. Nos mesmos termos a vixente LPAP.

III.4.- Os art. 5.A.2 e 7 da vixente Ordenanza fiscal número 14 reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais, establece que “a concesión de cinceiros por período de 50 anos, ten unha cota de 392,25 euros” e “os acordos de adxudicación desta concesións por cincuenta anos estarán condicionados o pagamento das cantidades sinaladas. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se produza o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo de un mes contado dende a finalización do prazo de pagamento que se fixa na notificación correspondente.

III.5.- A adxudicación das concesións de uso cinceiros realizarse seguindo o criterio xeral de antigüidade na petición segundo orde de entrada no Rexistro Xeral Municipal tal e como se ven realizando nos últimos anos, ao tratarse dun uso que se encadra dentro da función de servizo público de cemiterios, e estar expresamente recollido este criterio de adxudicación no artigo 13 da vixente ordenanza fiscal reguladora do servizo antes citada. Á petición achegouse a autoliquidación por importe de 31 euros e certificado de empadramento no Concello de Vigo. Asemade, conforme ó establecido no artigo 8, apartados 7 e 8, as concesión de uso dos cinceiros serán intransmisibles intervivos por un período de 5 anos dende o seu outorgamento salvo que o adxudicatario perda a condición de residente neste municipio. En todo caso, a súa transmisión entenderase polo tempo que reste da devandita concesión.

III.6.- O réxime xurídico aplicable á concesión virá determinado:

- Polas condicións establecidas no outorgamento da concesión.
- Pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Pola lexislación básica do Estado reguladora do réxime xurídico dos bens das administracións públicas. Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se



Concello de Vigo

aproba o Regulamento de bens das entidades locais e Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

- Pola lexislación en materia sanitaria. Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.
- Polas Ordenanzas propias de cada entidade. Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais (ordenanza número 14).
- Supletoriamente polas restantes normas do ordenamento xurídico.

III.7.- O órgano competente para o outorgamento das concesións é a Xunta de Goberno Local ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 11, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

PROPOSTA:

PRIMEIRO: Adxudicar ás persoas que a continuación se relacionan, seguindo o criterio xeral de antigüidade na petición segundo a orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a concesión administrativa de uso privativo do cinceiro que para cada un se expresa segundo emprazamento e número e nas condicións que se determinar neste acordo

CINCEIROS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PEREIRÓ

Nome e Apelidos	N.I.F.	Número e Bloque	Expte. de referencia
CARMEN PRADA RODRÍGUEZ	****2329*	1 do bloque 38	8541/255
ELOISA OLGA INSUA BUSTAMANTE	****1742*	2 do bloque 38	8558/255
PILAR RAJÓ ACEIRO	****1251*	3 do bloque 38	8585/255
M ^a PILAR VIDAL VIDAL	****4695*	4 do bloque 38	8590/255
ESTHER URREA GORDO	****0343*	5 do bloque 38	8626/255
DOLORES ANDREA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ	****5222*	6 do bloque 38	8642/255
EMILIO ESPAÑOL ARES	****3722*	7 do bloque 38	8772/255
JESÚS TOUCEDA REQUENA	****9994*	8 do bloque 38	8816/255
ANA MARÍA SEOANE PUMARES	****0937*	9 do bloque 38	8829/255
FELIX VIDAL RAJÓ	****9916*	10 do bloque 38	8859/255
FRANCISCO JAVIER GARCÍA GARCÍA	****3731*	11 do bloque 38	8915/255

Nome e Apellidos	N.I.F.	Número e Bloque	Expte. de referencia
M ^a . EUGENIA VILLAR-FERNÁNDEZ SANMAMED	****5854*	12 do bloque 38	8921/255
ESTHER GÓMEZ VILAS	****2583*	13 do bloque 38	9006/255
JESÚS MANUEL VEGA LAGE	****5843*	14 do bloque 38	9013/255
ROBERTO DIUMARO PLAZA	****0465*	15 do bloque 38	9016/255
DAVID MANUEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ	****0424*	16 do bloque 38	9023/255
M ^a NIEVES QUINTEIRO VAZQUEZ	****4561*	17 do bloque 38	9034/255
JUAN MANUEL FERREIRA GÓMEZ	****3895*	18 do bloque 38	9052/255
MANUEL MARTIN VICENTE	****8917*	19 do bloque 38	9092/255
LUCÍA GONZALEZ GONZALEZ	****1175*	20 do bloque 38	9116/255
ROSA MARÍA MOSQUERA SERRANO	****2288*	21 do bloque 38	9137/255
M ^a NATALIA PAZ OLIVEIRA	****8247*	22 do bloque 38	9142/255
NATERCIA DA CONCEIÇÃO ANES	****2364*	23 do bloque 38	9160/255
MARÍA DEL CARMEN SANTOS LEÓN	****0460*	24 do bloque 38	9161/255
MANUEL DA COSTA JUNCAL	****8520*	25 do bloque 38	9167/255
JUAN JOSÉ LARRAÑAGA ROQUEIRO	****3288*	26 do bloque 38	9175/255
IVAN EUSEBIO MARTÍNEZ DE SANTIAGO	****0534*	27 do bloque 38	9231/255
ANTONIO VIDAL HERBELLO	****1857*	28 do bloque 38	9236/255
MANUEL ALVAREZ ALVAREZ	****8710*	29 do bloque 38	9259/255
M ^a LOURDES SANCHEZ PEREIRA	****6911*	30 do bloque 38	9303/255
JULIO SAEZ GARCÍA	****4686*	31 do bloque 38	9313/255
M ^a BASILISA TABOADA VAZQUEZ	****6410*	32 do bloque 38	9318/255
MARGARITA BERNARDEZ MARTINEZ	****6694*	33 do bloque 38	9353/255
LIDIA OTERO FARRAPEIRA	****5362*	34 do bloque 38	9359/255
ANA GUADALUPE FERNÁNDEZ SALGUEIRO	****5300*	35 do bloque 38	9385/255
FRANCISCO XABIER ALONSO PÉREZ	****0124*	36 do bloque 38	9421/255
ILDA AREAN GARCÍA	****1505*	37 do bloque 38	9460/255
M ^a VICTORIA DOMINGUEZ BARROS	****8284*	38 do bloque 38	9466/255
PAULA DOMINGUEZ GARCÍA	****5981*	39 do bloque 38	9474/255
ALSIRA PÉREZ ALONSO	****9056*	40 do bloque 38	9481/255
BENITO RODRÍGUEZ AREAL	****7828*	41 do bloque 38	9486/255
BEGOÑA AMENEIRO RODRÍGUEZ	****2448*	42 do bloque 38	9489/255



Concello de Vigo

Nome e Apelidos	N.I.F.	Número e Bloque	Expte. de referencia
MIGUEL ANGEL CORBACHO BUSTOS	****1124*	43 do bloque 38	9514/255
MARIA DEL MAR GARCÍA OJEA	****5337*	44 do bloque 38	9539/255
MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ ALONSO	****7360*	45 do bloque 38	9589/255
SONIA MARÍA MONTES CASTRO	****3827*	46 do bloque 38	9605/255
OLGA RAMONA OUTEDA VARELA	****5985*	47 do bloque 38	9611/255
JUAN JOSÉ GONZALEZ FERNÁNDEZ	****1891*	48 do bloque 38	9671/255
MARÍA DEL CARMEN GUILLEN VAZQUEZ	****7972*	49 do bloque 38	9698/255
DOLORES IGLESIAS DÍAZ	****1847*	50 do bloque 38	9760/255
MANUEL ABEL COUSO CARBALLUDE	****4455*	51 do bloque 38	9769/255
SANDALIO ROMERO CRESPO	****5423*	52 do bloque 38	9778/255
M ^a PILAR VIÑAS ESTÉVEZ	****7250*	53 do bloque 38	9781/255
NIEVES IGLESIAS FERNÁNDEZ	****2451*	54 do bloque 38	9785/255
Concesión por 50 anos de aqueles cinceiros dos que están dispoñendo en réxime de aluguer por 6 anos, en substitución dos de nova construción.			
M ^a MAGDALENA MASSO ROMERO	****0492*	124 da zona 4 ^a	125873
ROGELIO VIDAL CORTIZO	****6685*	12 do bloque 2	8547/255
ANGEL DOMINGO LAZ PAVON	****0966*	127 da zona 1 ^a	8913/255
JESÚS DOMINGUEZ TORO	****6158*	3 do bloque 8	8932/255
LUIS GONZALEZ CORBACHO	****0306*	272 da zona 4 ^a	8973/255
JOAQUIN GÓMEZ MARTÍNEZ	****1217*	23 zona Dereita	9058/255
JOSÉ IGNACIO NÚÑEZ GALLEGO	****4672*	225 da zona 4 ^a	9163/255
EDUARDO GUILLEN VÁZQUEZ	****8481*	66 da zona 6 ^a	9213/255
JORGE AURELIO PÉREZ JANEIRO	****1578*	81 B. Sur Dta.	9286/255
JOSEFINA GARCÍA SANTIAGO	****7290*	1 do bloque 8	9636/255
NADIA PAZ LAMAS	****8011*	2 do bloque 2	9718/255
MARÍA DEL CARMEN HIDALGO CUÑARRO	****4318*	11 do bloque 2	9747/255

CINCEIROS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE TEIS

Nome e Apelidos	N.I.F.	Número e Bloque	Expte. de referencia
M ^a ANGELES ALCÁNTARA PATIÑO	****6618*	1 do bloque 18	9170/255
M ^a BELEN FRANCO RIVAS	****3219*	2 do bloque 18	9199/255
ISABEL GRANADA FIGUEROA	****4526*	3 do bloque 18	9247/255
MARÍA DEL CARMEN GARCÍA FERNÁNDEZ	****4791*	4 do bloque 18	9283/255
ENRIQUETA MERA CORREA	****8863*	5 do bloque 18	9321/255
MARÍA ÁLVAREZ IGLESIAS	****4167*	6 do bloque 18	9337/255
PAULA COSQUE VAZQUEZ	****7740*	7 do bloque 18	9345/255
DOSITEO LÓPEZ FERNÁNDEZ	****3012*	8 do bloque 18	9461/255
JUAN LÓPEZ MAQUEDA	****4226*	9 do bloque 18	9577/255
RUDESINDA PÉREZ OUTERELO	****5275*	10 do bloque 18	9672/255
M ^a TERESA DOMINGUEZ COVELO	****0537*	11 do bloque 18	9708/255
AMALIA RATON LEDO	****6587*	12 do bloque 18	9783/255
M ^a FRANSCICA AMANDIO DE OLIVEIRA	****7821*	13 do bloque 18	9807/255
MARIA DURAN PÉREZ	****3524*	14 do bloque 18	9817/255
ALFONSO LAGO ALFAYA	****8794*	15 do bloque 18	9902/255
PURIFICACIÓN GARCÍA FERNÁNDEZ	****6763*	16 do bloque 18	9907/255
M ^a TERESA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ	****5304*	17 do bloque 18	10078/255
M ^a ISABEL GOMEZ VEIGA	****6895*	18 do bloque 18	10014/255
JULIO CESAR TIZON BARCIELA	****7432*	19 do bloque 18	10199/255
M ^a ISOLINA GORDEDO DARRIBA	****7072*	20 do bloque 18	10329/255
RUT SOTO ARAÚJO	****9708*	21 do bloque 18	10369/255
M ^a PATROCINIO GALLEGU VALAT	****4509*	22 do bloque 18	10392/255
CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ HERMIDA	****9391*	23 do bloque 18	10449/255
M ^a . NIEVES MERA MONTENEGRO	****0711*	24 do bloque 18	10508/255
RAMÓN NOVO MIRAS	****3256*	25 do bloque 18	10529/255
ELENA MARÍA MARTIN SANCHEZ	****0412*	26 do bloque 18	10532/255
TERESA DE JESÚS VIDAL FERNÁNDEZ	****6235*	27 do bloque 18	10930/255
ALFONSO LEMOS DOMINGUEZ	****0669*	28 do bloque 18	10953/255
BEATRIZ RÚA ÁLVAREZ	****7758*	29 do bloque 18	10963/255



Concello de Vigo

Nome e Apelidos	N.I.F.	Número e Bloque	Expte. de referencia
JUAN MANUEL CARNERO ÁLVAREZ	****5406*	30 do bloque 18	10981/255
AMPARO ABEL FERNÁNDEZ	****9272*	31 do bloque 18	11016/255
ALDENIRA LINA DOS SANTOS DOS SANTOS	****3703*	32 do bloque 18	11072/255
JESÚS GERARDO DOFORNO ÁLVAREZ	****0211*	33 do bloque 18	11073/255
MARÍA LUZ GÓMEZ SENIN	****8820*	34 do bloque 18	11083/255
MARY AMI MUDOR	****3778*	35 do bloque 18	11090/255
M ^a TERESA SANTOS GARCÍA	****0858*	36 do bloque 18	11119/255
MIGUEL PÉREZ GARCÍA	****6633*	37 do bloque 18	11152/255
DAVID DIAZ ABEL	****8101*	38 do bloque 18	11231/255
JOSEFA CABALEIRO CONDE	****2451*	39 do bloque 18	11234/255
MANUEL ANGEL CURRÁS VILLAR	****9826*	40 do bloque 18	11262/255
CAMILA LORENZO FERREIRO	****0503*	41 do bloque 18	11267/255
Concesión por 50 anos de aqueles cinzeiros dos que están dispoñendo en réxime de aluguer por 6 anos, en substitución dos de nova construción.			
MANUEL LÓPEZ VÁZQUEZ	****8775*	42 de 4 ^a andanada	9295/255

SEGUNDO: As concesións administrativas outórganse por un prazo de cincuenta (50) anos contados a partir da data de ingreso da liquidación da taxa en período voluntario do cinzeiro adxudicado, debendo manterse, en todo momento, o uso de cinzeiro, depósitos para restos cadavéricos, que se encadra dentro do uso xeral dos cemiterios municipais.

As concesións de uso dos cinzeiros serán intransmisibles intervivos por un período de cinco (5) anos dende o seu outorgamento salvo que o adxudicatario perda a condición de residente neste municipio. En todo caso, a súa transmisión, ben sexa intervivos ou mortis causa, entenderase polo tempo que reste da devandita concesión.

TERCEIRO: Os acordos de adxudicación están condicionados ao pagamento das cantidades sinaladas no art. 5.A.2 da vixente Ordenanza fiscal número 14 reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se produza o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo de un mes contado dende a finalización do prazo de pagamento que se fixa na notificación correspondente.

Efectuado o pagamento, os Servizos Municipais expedirán o correspondente título.

CUARTO: Os concesionarios teñen a obrigaón de manter en bo estado a porción de dominio utilizado e de abandonar e deixar libres e vacuos, a disposición da administración, dentro do prazo, os bens obxecto da utilización, e o recoñecemento da potestade da administración para acordar e executar por sí o lanzamentos.

QUINTO.- O Concello de Vigo ten a facultade de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento do prazo, se o xustificaren circunstancias sobrevidas de interese público, mediante o resarcimento dos danos que se causaren ou sen el cando non procedere. Outórgase a concesión, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

SEXTO.- Ao abeiro do art. 100 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas as concesións demaniais extínguense pola caducidade por vencemento do prazo, sen prexuízo das demais causas previstas legalmente.

SÉTIMO.- As concesións administrativas que se outorgan réxense:

- Polas condicións establecidas no presente acordo.
- Pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Pola lexislación básica do Estado reguladora do réxime xurídico dos bens das administracións públicas. Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais e Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.
- Pola lexislación en materia sanitaria. Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.
- Polas Ordenanzas propias de cada entidade. Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais (ordenanza número 14).
- Supletoriamente polas restantes normas do ordenamento xurídico.

OITAVO: Notifíquese o presente acordo os interesados/as informándolles que contra éste, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(776).- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DE GALICIA. EXPTE. 16565/77.

Dáse conta do informe-proposta do 30/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019) e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 116, do 20 de xuño, publicouse a Orde do 7 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2018 (código do procedemento TR332A).

II. En data 09/07/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de subvención para o programa integrado para o emprego VIGO INTEGRA VII, durante os anos 2019 e 2020.

III. A xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 18/07/2019 aprobou:

-1.- Aprobar o proxecto denominado “Vigo Integra VII”, elaborado polo Servizo de Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 258.400,00 €, dos que 208.400,00 € son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 50.000,00 €, son a financiar polo Concello de Vigo.

-2.- Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na orde do 07 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o ano 2019.

-3.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2019 e 2020 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

-4.- Delegar no concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

IV. Con data 28/08/2019 recíbese no Rexistro Municipal requerimento de subsanación da solicitude presentada na Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia deste programa integrado para o emprego, onde se solicita:

- Anexo I. Punto 5: recálculo cofinanciamento. Punto 6: especificar obxectivo de inserción laboral*
- Memoria explicativa do proxecto - modelo normalizado Anexo II*
- Nome do programa integrado: corrección en todos os documentos presentados*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O expediente ten por obxecto realizar as subsanacións requeridas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia respecto da solicitude de subvención achegada para un programa integrado para o emprego, de xeito que resulta procedente realizar as seguintes correccións:

- Renomear o programa a requirimento da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de xeito que pase a denominarse: "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20".
- O cofinanciamento por parte do Concello de Vigo é de 50.000,00€, tal e como foi aprobado en XGL, pero por erro aritmético cómpre corrixir a porcentaxe indicada na solicitude, de xeito que en vez do 24%, supón o 19,35% do custe total estimado do programa integrado.
- Reflectir que o obxectivo de inserción laboral previsto deste programa integrado é do 39%, tal e como se indica na Memoria do proxecto.
- Reaxustar os apartados da Memoria para que figuren na mesma orde na que aparecen os distintos apartados do Anexo II da solicitude.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 12/07/2019 obrante no expediente e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía de data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

Modificar a requirimento da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia o nome do proxecto do programa integrado para o emprego antes denominado "Vigo Integra VII" polo de "PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20".

Corrixir o importe do cofinanciamento por parte do Concello de Vigo de 50.000,00€ que por erro aritmético se indicou na solicitude que era de 24%, cando o correcto é que representa o 19,35% do custe total estimado do programa; e o obxectivo de inserción laboral que é do 39%, tal e como figura na Memoria

Reaxustar os apartados da Memoria do programa aprobada en XGL do 18/07/2019, seguindo a mesma orde que se indica no Anexo II da solicitude da axuda e que se xunta ao presente acordo.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(777).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FONTE DO GALO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER NECESARIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 8694/320.

Visto o informe de fiscalización do 28/08/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 14/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019) polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 28/02/2019, Dona Sara Mercedes García Quinteiro (DNI: 35977883H), en calidade de presidenta da “Asociación de Veciños Fonte do Galo” (CIF: V-36655017), achegou escrito (doc.190030603), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2019, entre o 01/11/2018 ata o 30/09/2019, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Sara Mercedes García Quinteiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "Asociación de Veciños Fonte do Galo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 14/03/19
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 14/03/19
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 14/03/19
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 28/02/19

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/11/2018 - 30/09/2019)	
Aluguer local	3.800,00 €
Enerxía eléctrica	450,00 €
IBI	220,00 €
Limpeza	360,00 €
Auga	460,00 €
Lixo	170,00 €
TOTAL	5.460,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/11/2018 - 30/09/2019)	
Cuota socios que realizan actividades no local	900,00 €
Subvención Concello	4.560,00 €
TOTAL	5.460,00 €

8. Contrato de aluguer.
9. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificantes bancarios acreditativos da súa vixencia.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:



Concello de Vigo

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Veciños Fonte do Galo”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 99/89, segundo resolución de data 28/06/1989.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800008 “*Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo*”, cunha dotación orzamentaria de 4.560,00 €.

VI. En data 14/03/2019 o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 28/02/2019 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, por atribución temporal de funcións mediante acordo de XGL do 03/05/2019, achega memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FONTE DO GALO (G36655017), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende novembro de 2018 ata setembro de 2019.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Veciños Fonte do Galo”.

Segundo recolle o art. 5 dos Estatutos da “Asociación de Veciños Fonte do Galo”, entre os fins da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Estudio e posible solución dos problemas que poidan afectar ao seu territorio en materia de cultura, deportes, educación, urbanismo, sanidade, etc., e outros relacionados coa vida comunitaria da zona.
- Promover cantas iniciativas conduzan a solución de problemas colectivos que afecten a realización integral dos veciños como cidadáns.
- Asumir a defensa dos veciños en canto resulten afectados por calquera disposición ou actuación pública ou privada que poida considerarse prexudicial para os intereses da zona, exercitando o efecto cantas accións e xestións se consideren necesarias ante os Órganos da Administración e de Xustiza, podendo outorgar poderes necesarios para actuar na forma que se determine coas facultades que sexan usuais neste tipo de documentos.
- Recadar asesoramento e estudos técnicos, xurídicos, socioeconómicos, etc.
- Promover accións destinadas ao desenvolvemento integral dos mozos da zona de influencia da Asociación Veciñal, en especial atención a prevención da marxinação, violencia infantil e xuvenil.
- Promover dentro da Vogalía da Muller actividades de apoio a muller, dentro do marco veciñal, adicando especial atención aqueles sectores máis desprotexidos.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Sara Mercedes García Quinteiro, con DNI 35977883H, en calidade de Presidenta da “Asociación de Veciños Fonte do Galo” (CIF : V36655017), con domicilio social na Rúa Rosalía de Castro nº 41, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8694/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.



Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800008 “*Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo*”, cunha dotación orzamentaria de 4.560,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación de Veciños Fonte do Galo son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos



Concello de Vigo

con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **15 de outubro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral

S.ord. 5/09/19

(Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá



Concello de Vigo

interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.560,00 € (catro mil cincocentos sesenta), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800008 denominada "*Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo*", incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Veciños Fonte do Galo" (CIF.- V-36655017), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de novembro de 2018 e setembro de 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.560,00 € (catro mil cincocentos sesenta).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FONTE DO GALO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Dona Sara Mercedes García Quinteiro, con DNI 35977883H, en calidade de Presidenta da "Asociación de Veciños Fonte do Galo" (CIF : V36655017), con domicilio social na Rúa Rosalía de Castro nº 41, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8694/320.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade "Asociación de Veciños Fonte do Galo", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:



Concello de Vigo

- Estudio e posible solución dos problemas que poidan afectar ao seu territorio en materia de cultura, deportes, educación, urbanismo, sanidade, etc, e outros relacionados coa vida comunitaria da zona.
- Promover cantas iniciativas condúzan a solución de problemas colectivos que afecten a realización integral dos veciños como cidadáns.
- Asumir a defensa dos veciños en canto resulten afectados por calquera disposición ou actuación pública ou privada que poida considerarse prexudicial para os intereses da zona, exercitando o efecto cantas accións e xestións se consideren necesarias ante os Órganos da Administración e de Xustiza, podendo outorgar poderes necesarios para actuar na forma que se determine coas facultades que sexan usuais neste tipo de documentos.
- Recadar asesoramento e estudos técnicos, xurídicos, socioeconómicos, etc.
- Promover accións destinadas ao desenvolvemento integral dos mozos da zona de influencia da Asociación Veciñal, en especial atención a prevención da marxinación, violencia infantil e xuvenil.
- Promover dentro da Vogalía da Muller actividades de apoio a muller, dentro do marco veciñal, adicando especial atención aqueles sectores máis desprotexidos.

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93, a “Asociación de Veciños Fonte do Galo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 99/89.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “Asociación de Veciños Fonte do Galo” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para as realizadas entre os meses de novembro de 2018 ata setembro de 2019, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento derivados da organización, fomento e execución das mesmas e aluguer do seu local social.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4800008, denominada “Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 4.560,00 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para organizar e levar a cabo as actividades programadas pola entidade para o ano 2018, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/11/2018 - 30/09/2019)	
Aluguer local	3.800,00 €
Enerxía eléctrica	450,00 €
IBI	220,00 €
Limpeza	360,00 €

Auga	460,00 €
Lixo	170,00 €
TOTAL	5.460,00 €

VII.- Que a entidade “*Asociación de Veciños Fonte do Galo*” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Asociación de Veciños Fonte do Galo*”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “*Asociación de Veciños Fonte do Galo*” comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



Concello de Vigo

9.- Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Veciños Fonte do Galo*” unha subvención por importe de 4.560,00 € (catro mil cincocentos sesenta euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800008, denominada “*Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola entidade entre novembro de 2018 e setembro de 2019, en definitiva, para o seu fomento.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación de Veciños Fonte do Galo*” e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Veciños Fonte do Galo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 01/11/2018 ata o 30/09/2019.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “Asociación de Veciños Fonte do Galo” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **15 de outubro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace



Concello de Vigo

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electronicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal do financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electronicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos

gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.



Concello de Vigo

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electronicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES11 2080 5090 113040032518 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen dende novembro de 2018 ata 30/09/2019.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral

Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito



Concello de Vigo

a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019),

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2019.

7(778).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL DE RISCOS PSICOSOCIAIS NO SERVIZO DE FESTAS E REVISIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS PSICOSOCIAIS DO SERVIZO DE BOMBEIROS 2019-2020. EXPTE. 710/2202.

Visto o informe xurídico de data 21/08/19, e o informe de fiscalización do 26/08/19, dáse conta do informe-proposta do 21/08/19, da técnica de prevención de Riscos Laborais, a técnica de Admon. Xeral de Recursos Humanos (Instrución de data 09/08/2019), a concelleira de Organización Municipal e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, Isabel Cabeza Pereiro, técnica de Prevención de Riscos Laborais do Servizo¹ Propio de Prevención de Riscos Laborais do concello de Vigo (en adiante SPPRL-CV), coa conformidade da xefa da área de RRHH e Formación emite informe en data 2/07/2019 da necesidade e idoneidade da contratación dun servizo de prevención alleo (SPA) para a prestación do servizo consistente na realización da avaliación

1 Integrado na Área de RRHH e Formación, constituído por Decreto de Alcaldía de data 27 de febreiro de 2004, en cumprimento do establecido no art. 31.- Lei 31/95, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, art.14.- Real Decreto 39/97, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de Prevención e seguindo a organización da xestión da prevención de riscos laborais establecida no Plan de Prevención do Concello de Vigo (aprobado en sesión plenaria de data 29 de novembro de 2010).

inicial de riscos psicosociais do servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no servizo de Bombeiros, en cumprimento do establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais.

2.- Con data 8/07/2019 a Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación dun servizo de prevención alleo (SPA) para a prestación do servizo consistente na realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no servizo de Bombeiros.

3.- Con data 13/08/2019, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola técnica de prevención de riscos laborais do SPPRL-CV, conformado pola técnica de admón. xeral da área de RRHH e Formación (Instrución de data 09/08/2019).

4.- Con data de 2/08/2019, a técnica de prevención de riscos laborais Isabel Cabeza Pereiro asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola xefa da área de RRHH e Formación e pola Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.

5.- Con posterioridade redáctase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación con data 13/08/2019.

6.- O orzamento base de licitación que ascende a 10.650,00 € (IVE incluído), que podería imputarse á aplicación orzamentaria 9201.227.99.00 "Asistencias Técnicas Plan Riscos Laborais".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O art. 16 da Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais establece a obriga de realizar unha avaliación inicial dos riscos para a seguridade e saúde dos traballadores, así como a súa actualización cando cambien as condicións de traballo. O art. 14 da mesma lei establece o deber do empresario de garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo.

2.- O expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno local de 20 de xuño de 2019).

3.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a técnica de Prevención de Riscos Laborais, coa conformidade da xefa da área de RRHH e Formación asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación dun servizo de prevención alleo (SPA) para a prestación do servizo consistente na realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no servizo de Bombeiros.



Concello de Vigo

4.- En cumprimento do establecido nos artigos 116.4 e 116.3 da LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola técnica de PRL e conformada pola xefa da área de RRHH e Formación e a Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal , e o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de PRL e conformado pola técnica de admón. Xeral da área de RRHH e Formación (instrución de data 09/08/2019) e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación.

5.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O contrato adxudicarase por procedemento aberto mediante pluralidade de criterios de adxudicación, en aplicación dos artigos 131.2, 145, y 156.1 de la LCSP, conforme aos termos e requisitos establecidos en dito texto legal. A tramitación do procedemento é a ordinaria conforme ao artigo 156 da LCSP.

6.- Ao expediente incorporarase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

7.- A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. A resolución segundo o artigo 117 da citada lei deberá ser motivada, aprobará o expediente de contratación, disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación dun servizo de prevención alleo (SPA) para a prestación do servizo consistente na realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no servizo de Bombeiros. (expediente 710/2202), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 13/08//2019 asinado pola Técnica de Prevención de Riscos Laborais e conformado pola técnica de admón. xeral da área de RRHH e Formación (Instrución de data 09/08/2019) e o prego de prescricións administrativas particulares de data 13/08/2019, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 10.650,00 € (IVE incluído) con cargo á aplicación presupostaria 9201.227.99.00 “Asistencias Técnicas Plan Riscos Laborais”.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(779).- NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL. 15311/77) DE UN TÉCNICO DE XESTIÓN E UN AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL PARA O SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO. EXPTE. 34496/220.

Visto o informe de fiscalización do 29/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 07/08/19, asinado pola técnica de Admon. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira de Organización municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 21/06/2018 aprobou o Programa “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”. Expte. 15311/77 e en sesión extraordinaria e urxente de 21/12/2018 apróbase a proposta de aceptación da subvención concedida pola Dirección xeral de cooperación autonómica e local para o proxecto “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”. Expte. 15311/77.

II.- Entre as necesidades indicadas no expediente contéplase, un/unha técnico/a de xestión e un/unha auxiliar de administración xeral, cun cronograma estimado das actuacións do proxecto de iniciarse a actividade do mesmo o 1 de xaneiro de 2019, ata o 31 de decembro de 2020.

Non obstante, polo tempo transcorrido e logo dunha nova análise das necesidades de persoal indispensables para o desenvolvemento do proxecto xúntase no expediente a Resolución da Dirección Xeral de Relacións coas CCAA e Entes Locais, pola que se aproba a convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE), cuxo apartado décimo cuarto reflicte que as Entidades beneficiarias terán de prazo para realizar as actuacións dos proxectos subvencionados ata o **31 de decembro de 2021**.

III.- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Técnico/a de xestión e auxiliar de administración xeral existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o nomeamento como técnico/a de xestión de D^a. Mónica María Santero García, con DNI ***0973**, e como auxiliar de administración xeral de D^a. María Carrasco Couselo, con DNI ***2452**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

IV.- Con data 31/07/2019, polo Técnico de Organización e Planificación, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.



Concello de Vigo

V.- En base ao anterior a Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, a través de instrución de servizo de data 01/08/2019, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino de un/unha técnico/a de xestión e un/unha auxiliar de administración xeral, por un máximo de tempo ata o 31/12/2021 (dende o 16/08/2019 -data prevista de nomeamento-, ata o 31/12/2021), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por execución do programa temporal (Programa "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL". Expte. 15311/77).

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do legislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de

Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao



Concello de Vigo

seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante ou similar, neste caso (posto Cód. 179- Técnico/a de xestión e posto cód. 138- Auxiliar de administración xeral).

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas

mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no programa “Vigo pola inserción laboral”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en data 21/06/2018, que consta no expediente, as necesidades de persoal para o desenvolvemento do proxecto, son entre outras de “un técnico en xestión económica e un auxiliar administrativo”.

Tendo en conta o anterior, así como a instrución de servizo da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal de 01/08/2019, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe técnico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período comprendido entre o 16/08/2019 -data prevista do nomeamento-, ata o 31/12/2021 -data do remate do programa-, de un/unha técnico/a de xestión e dun/dunha auxiliar de administración xeral, supón un gasto de **152.922,15 €** (23.457,08 € correspondentes ao ano 2019, 64.091,64 € correspondentes ao ano 2020 e 65.373,43€ correspondentes ao ano 2021), ao que haberá que engadirse a cantidade de **48.963,98 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa (7.378,29 € correspondentes ao ano 2019, 20.485,56 € correspondentes ao ano 2020 e 21.100,13 € correspondentes ao ano 2021).

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 “outras modalidades de nomeamento persoal non permanente” do orzamento dos exercicios económicos 2019, 2020 e 2021.

Así mesmo, aclara que de aprobarse o presente expediente obrigaría a incorporar os correspondentes AFUT nos vindeiros orzamentos 2020 e 2021 nunha contía de 64.091,64 € correspondentes ao vindeiro exercicio 2020 e 65.373,43 € ao exercicio correspondente ao ano 2021. De igual xeito terían que incorporarse nos correspondentes AFUT en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, 20.485,56 € correspondentes ao exercicio 2020 e 21.100,13 € ao exercicio correspondente ao ano 2021.



Concello de Vigo

Engade en resumo, que as cantidades comprometidas nos diferentes AFUT nos diferentes exercicios son as seguintes: por un total de 748.053,19€, 2021, por un total de 164.976,80€ e, 2022, por un total de 89.587,89€.

Non obstante, e considerando a obxección que se indica no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, así como á vista da duración do programa; solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para as categorías de técnico/a de xestión e auxiliar de administración xeral, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como técnico/a de xestión de D^a. Mónica María Santero García, con DNI ***0973**, e como auxiliar de administración xeral de D^a. María Carrasco Couselo, con DNI ***2452**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escrito que consta anexado ao expediente, optar ao referido nomeamento interino por execución dun programa de carácter temporal segundo o disposto no artigo 10.1 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de datas 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dos/das funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal, como **Técnico de xestión e Auxiliar de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de dous anos e medio (2,5) (dende o 16/08/2019 -data prevista do nomeamento-

S.ord. 5/09/19

ata o 31/12/2021 -data do remate do programa), finalizando en todo caso ao rematar o programa, xustificada nas necesidades do Servizo de Desenvolvemento local e emprego, que constan no programa que figura no expediente 15311/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 21/06/2018.

En consecuencia, autorizar o gasto de **152.922,15 € (23.457,08 € correspondentes ao ano 2019, 64.091,64 € correspondentes ao ano 2020 e 65.373,43€ correspondentes ao ano 2021)** ao que haberá que engadirse a cantidade de **48.963,98 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa (7.378,29 € correspondentes ao ano 2019, 20.485,56 € correspondentes ao ano 2020 e 21.100,13 € correspondentes ao ano 2021)**, que constan no informe técnico anexado ao expediente, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionarios/as interinos/as por execución do programa de carácter temporal "Vigo pola inserción laboral", por un período máximo de dous anos e medio_2,5 (dende o 16/08/2019 -data prevista do nomeamento- ata o 31/12/2021 -data do remate do programa) finalizando en todo caso ao rematar o programa, como **Técnico/a de xestión** a D^a. Mónica María Santero García, con DNI ***0973**, e como **Auxiliar de administración xeral** a D^a. María Carrasco Couselo, con DNI ***2452**.

de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP - por un máximo de dous anos e medio_2,5 (dende o 16/08/2019 -data prevista do nomeamento- e ata o 31/12/2021, finalizando en todo caso ao rematar o programa), percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos cód. 179- Técnico/a de xestión e cód. 138- Auxiliar de administración xeral, sendo adscritos/as ao Servizo de Desenvolvemento local e emprego (cód. 108), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á técnica de administración xeral do servizo de desenvolvemento local e emprego (atribución temporal de



Concello de Vigo

funcións de xefatura servizo participación cidadá e desenvolvemento local, por acordo XGL 03/05/19), á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(780).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015 DO 30 DE OUTUBRO (TREBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA A ÁREA DE RRHH E FORMACIÓN. EXPTE. 34427/220.

Visto o informe de fiscalización do 29/08/19, dáse conta do informe-proposta do 01/08/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 19/07/2019, a xefa da área de recursos humanos e formación, emite informe sobre as necesidades de persoal para a cobertura das obrigas en materia de inspección de persoal e control e rexistro da xornada e horario solicitando a urxente incorporación de dous/dúas auxiliares de administración xeral para o reforzamento das ditas funcións.

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 19/07/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 24/07/2019, emítese polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real

Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a*



Concello de Vigo

la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobreadidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da xefa da área de recursos humanos e formación, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.



IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de dous/dúas auxiliares para a área de recursos humanos e formación (cód. 220), e tendo en conta o nomeamento entre o 1 de agosto de 2019 e o 31 de xaneiro de 2020, supón un gasto de **23.708,34 €**, dos que 19.676,28 €, corresponden ao presente exercicio e, 4.032,06 € ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.515,32 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 6.237,20 €, corresponden ao presente exercicio e 1.278,12 € ao vindeiro exercicio 2020.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do orzamento do exercicio 2019 (5 meses) e ao vindeiro ano 2020 (1 mes).

Así mesmo, aclara que de aprobarse o presente expediente obrigaría a incorporar o correspondente AFUT no vindeiro orzamento 2020 nunha contía total de 5.310,18€. Da referida cantidade 4.032,06€ corresponde a retribucións e 1.278,12€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

Engade en resumo, que as cantidades comprometidas nos diferentes AFUT nos diferentes exercicios son as seguintes: 2020, por un total de 757.295,95€, 2021, por un total de 96.885,16€ e, 2022, por un total de 24.214,46€.

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existes listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como auxiliares de administración xeral de D^a. Sofía Prego de Oliver de Castro, con DNI ***9553** e D^a. Andrea Arjones Torres, con DNI ***9363**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexo ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación e da sra. concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/201 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Auxiliares**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades da área de recursos humanos e formación contidas no escrito do 19/07/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **23.708,34 €**, dos que 19.676,28 €, corresponden ao presente exercicio e, 4.032,06 € ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.515,32 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 6.237,20 € corresponden ao presente exercicio e 1.278,12 € ao vindeiro exercicio 2020, reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como Auxiliares a D^a. Sofía Prego de Oliver de Castro, con DNI ***9553** e D^a. Andrea Arjones Torres, con DNI ***9363**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 138-Auxiliar), sendo adscritos/as á área de recursos humanos e formación (cód. 220), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo



Concello de Vigo

da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á xefa da área de recursos humanos e formación, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(781).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO PADROADO DA FUNDACIÓN MARCO DE VIGO. EXPTE. 612/1102.

Dáse conta da proposta de data 03/09/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do 2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade ca normativa sinalada e ao abeiro dos arts. 12 e 16 dos Estatutos da Fundación MARCO de Vigo, esta Alcaldía Presidencia, tralas consultas cos distintos Voceiros dos Grupos Políticos Municipais, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no Padroado da Fundación MARCO, polo seu **Alcalde** como **Presidente do Padroado** e polos/as seguintes vocais:

Proposta do Grupo Político Municipal Socialista:

- D. Abel Losada Álvarez
- D. Cayetano Rodríguez Escudero
- D^a M^a Carmen Lago Barreiro
- D^a M.^a José Caride Estévez
- D. Jaime Aneiros Pereira

- D^a Nuria Rodríguez Rodríguez

Proposta do Grupo Político Municipal Partido Popular:

- D^a Teresa Egerique Mosquera

Proposta do Grupo Mixto Municipal:

- D^a Oriana Méndez Fuentes

Segundo.- Comunicar este acordo á Fundación MARCO de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos e ás vocais designados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

11(782).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) PARA A PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS DO AUDITORIO MUNICIPAL NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2019 DENTRO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS. EXPTE. 2826/330.

Visto o informe xurídico do 08/08/19 e informe de fiscalización do 29/08/19, dáse conta do informe-proposta do 15/07/19, asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas, o técnico de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Pola súa banda, o vixente decreto de delegación de competencias na Área de Cultura establece as seguintes atribucións:

11. A promoción, difusión e extensión da Cultura en calquera das súas manifestacións.

12. O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral.



Concello de Vigo

A Concellería da Área de Cultura organiza semestralmente a programación estable de artes escénicas con programación de música, teatro, danza, circo e maxia, todas as fins de semana de febreiro a abril e de outubro a novembro.

Con data 26 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno Local do Concello de vigo delegou nos concelleiros-delegados, entre outras as seguintes competencias:

5.- O impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada, incluída, en relación cos convenios, a súa formalización e sinatura dos mesmos.

A Axencia Galega das Industrias Culturais é un organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) a define como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e no artigo 5 establece como unha das súas funcións promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados dentro e fóra do noso país, en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.

Para a consecución destes obxectivos creouse a Rede Galega de Teatros e Auditorios para fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios a través dun programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

A vantaxe económica para a Administración Municipal está baseada en que se percibirá unha achega económica que permitirá facer unha programación máis ampla no seguinte semestre.

No convenio previsto para este segundo semestre contémpanse un total de 12 contratos de espectáculos diferentes que suporían un total de 38.697,80 €. Estes contratos estanse a tramitar a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura, entre outros contratos fóra deste convenio que conforman a programación Vigocultura do segundo semestre de 2019 . Trátase de programación estable que se realiza cada ano. Unha vez realizadas as actuacións previstas e efectuados os pagos ás compañías que se contraten que aparecen neste convenio, xustificando á Agadic e ingresado o importe aquí conveniado por parte desta Axencia, a Concellería de Cultura tramitará a correspondente xeneración de crédito polo importe máximo resultado do convenio de colaboración (12.212,59 €) na partida orzamentaria da Área de Cultura 33312260906 "programación Auditorio Municipal", o cal permitirá incorporar este importe á programación do ano 2020 destinada a este programa cultural. A consecuencia de non asinar este convenio sería non recibir a contía económica prevista por parte de AGADIC que causaría a redución proporcional da programación para o seguinte semestre.

Tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réximen Xurídico do Sector Público, este convenio non ter por obxecto a prestación propia dun contrato. Así pois, este documento non estaría suxeito á Lei de Contratos do Sector Público, xa que simplemente consiste na sinatura dun acordo de colaboración polo que AGADIC fai unha achega económica para fomentar a contratación de artistas nos concellos adheridos á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Trataríase pois dun convenio de tipo interadministrativo, asinado entre dúas Administracións Públicas.

O artigo 48 da citada lei establece que as Administracións Públicas, os seus organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público ou privado, sen que isto supoña a cesión da titularidade da competencia. A subscrición deste convenio mellorará a eficacia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira.

A achega financeira que se compromete a realizar a AGADIC non será superior en ningún caso aos gastos derivados da execución deste convenio.

O convenio remitido pola AGADIC para a súa sinatura inclúe as materias sinaladas no artigo 49 da Lei 40/2015 sinalada anteriormente.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

É por isto, polo que se remite á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral deste Concello, o proxecto do texto do convenio para o primeiro semestre para a súa aprobación e posterior sinatura por parte do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Por todo isto, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-

1. Aprobar a proposta do texto do convenio coa Axencia Galega das Industrias Culturais para o financiamento da programación de artes escénicas do segundo semestre do ano 2019 celebrada no Auditorio Municipal do Concello ao abeiro da Rede Galega de Teatros e Auditorios, entidade á que pertence o Concello de Vigo desde o ano 2007 e que se achega no expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ENTIDADE CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN



Concello de Vigo

DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2019.

Santiago de Compostela

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con CIF Q6550009B no exercicio das facultades e demais funcións que lle foran conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG Nº 164 de 29 de agosto de 2012)

Doutra, Abel Fermín Losada Álvarez representante de Concello de Vigo en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe por parte do concello o secretario, en virtude do R.D. 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

EXPOÑEN:

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo.

2. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".

3. O artigo 5.1 Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".

4. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".

5. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da Administración Local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás

S.ord. 5/09/19

deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.

6. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita Rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Esta está constituída pola Agadic e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhiren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.

7. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaránse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".

8. O Concello de Vigo e a Agadic acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores. Este convenio atópase incluído na proposta de actuacións da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2019. Por este motivo, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do segundo semestre do ano 2019 no Auditorio Municipal de Vigo integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na Resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto do presente convenio está incluídas no plan estratéxico semestral dos convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Segunda.-Obrigas do Concello/Deputación

Mediante a sinatura deste convenio, Concello de Vigo comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro na cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

a) Levará a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.

b) Aboará ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.



Concello de Vigo

c) Asumirá os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.

d) Remitirá a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina de Agadic www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.*

e) Comunicará, con antelación suficiente, á dirección da Agadic calquera modificación da programación en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.

f) Utilizará en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Agadic, da Xunta de Galicia e da Rede Galega de Teatros e Auditorios, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio, debendo constar expresamente "coa colaboración da Agadic (Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia)".

g) Porá á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.

h) Facilitaralle á Agadic, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Agadic percibida pola entidade pública.

Terceira.-Obrigas de Agadic

A Agadic, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar e asesorar tecnicamente todas as actuacións correspondentes para o correcto desenvolvemento do convenio asinado así como das programacións aprobadas e, en concreto, fará as seguintes actuacións:

a) Realizará dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.

b) Xestionará e manterá actualizada a páxina de xestión: www.galescena.gal, a través da que os grupos e compañías profesionais realizarán as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.

c) Revisará, comprobará e aprobará as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

d) Colaborará e apoiará o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e) Elaborará informes de público anualmente, así como calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.

f) Fará fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

Cuarta.-Financiamento

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **38,697.80 euros**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

A Agadic colaborará na realización das actuacións previstas neste convenio cunha achega de **12,212.59 euros**, cantidade na que se inclúen todos os impostos con cargo á aplicación orzamentaria 11A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2019.

O Concello de Vigo colaborará coa cantidade restante de **26,485.21 euros**.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

A porcentaxe de cada aportación así como a súa programación será a que segue:

PA	Pistacatro Productora de Soños S.L.	ESPERA	27-09-2019	Rúa do Príncipe	0.00 €	3,400.00 €
PI	Pistacatro Productora de Soños S.L.	SONAMBULANTE	28-09-2019	Rúa do Príncipe	0.00 €	1,400.00 €
PI	Pistacatro Productora de Soños S.L.	SÓ	06-10-2019	Auditorio Municipal de Vigo	374.99 €	575.01 €
PA	ButacaZero	Despois das Ondas	11-10-2019	Auditorio Municipal de Vigo	2,129.60 €	3,194.40 €
PI	Fani Triana - Ilusionista	"BIMAXIAS": 2 ILUSIONISTAS en REALIDADES PARALELAS	13-10-2019	Auditorio Municipal de Vigo	636.00 €	954.00 €
PI	Producións Dispersas	TODAS AS MARABILLAS DO MUNDO (con música en directo)	27-10-2019	Auditorio Municipal de Vigo	1,240.00 €	1,860.00 €
PA	Desafora2	NO HAY PAPEL	02-11-2019	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	3,950.00 €
PI	ARTE'N'RÚA	ARTE'N'RÚA	03-11-2019	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	4,719.00 €
PA	Fran Sieira-Compañía de danza	EntreSoños	08-11-2019	Auditorio Municipal de Vigo	3,382.40 €	1,449.60 €
PA	Fran Sieira-Compañía de danza	EntreSoños	09-11-2019	Auditorio Municipal de Vigo	1,932.80 €	1,208.00 € + 40 % bill.
PA	Redrum Teatro	Invisibles	22-11-2019	Auditorio Municipal de Vigo	1,306.80 €	1,960.20 €
PA	Teatro do Atlántico	DÚAS DONAS QUE	29-11-	Auditorio	1,210.00 €	1,815.00 €



Concello de Vigo

		BAILAN	2019	Municipal de Vigo		
				Total:	12,212.59 €	26,485.21 €

Quinta.-Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase con data límite do 31 de marzo de 2020 electronicamente, accedendo ao expediente na carpeta do cidadán da persoa representante da entidade pública no web: <https://sede.xunta.gal/>

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

a) conta xustificativa dos gastos realizados de toda a programación, conforme ao establecido neste convenio. Os documentos de gasto das actividades levadas a cabo deberán ter como data límite o 31 de decembro de 2019.

b) informe do responsable da programación da realización da actividade de acordo co establecido neste convenio, conforme o modelo aloxado na páxina web: www.galescena.gal

c) a xustificación do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia, así como o logotipo da Rede Galega de Teatros e Auditorios, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio.

En calquera momento, a Agadic poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

-Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro.

-Xustificación bancaria do pagamento das devanditas facturas, na que conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do beneficiario que paga e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Agadic diminuírase proporcionalmente. O pagamento das cantidades estipuladas no presente convenio por parte da Agadic realizarase previa solicitude da entidade e realizarase do seguinte xeito:

- o 50% na data da a sinatura do convenio.

- o 50 % restante unha vez que a entidade programadora xustifique á Agadic correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

Sexta.-Registro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración da Comunidade Autónoma para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co

artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Sétima.- Dereitos sobre a información e difusión da colaboración das partes

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, nos actos públicos e no material de difusión empregada, tales como dípticos, catálogos, publicacións e demais material, as partes comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración, debendo constar expresamente "coa colaboración da Agadic (Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia)" no desenvolvemento das actividades conveniadas, utilizando a imaxe corporativa da Agadic, a Xunta de Galicia e o logotipo da Rede Galega de Teatros e Auditorios, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa empregando así mesmo os logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio.

Sexa cal fora o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura e Turismo e da Entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Oitava.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento con aviso previo de dous meses ou por incumprimento dos compromisos adquiridos.

Novena.-Comisión de seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución.

Décima.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.*
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.*

Décimo primeira.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.



Décimo segunda .- Notificación electrónica

O artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira - Protección de datos de carácter persoal

Ambas as partes asumen as obrigas que lles corresponden derivadas do Regulamento xeral de Protección de datos (Regulamento UE 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello).

O responsable do tratamento é a Axencia Galega das Industrias Culturais e a finalidade do tratamento son as actividades necesarias para xestionar o presente convenio. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das Oficinas de rexistro e información propias da Xunta de Galicia segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto delegado de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-personais>.

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

E en proba de conformidade co anteriormente exposto, asinan dixitalmente

12(783).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DOS TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. EXPTE. 2319/330.

Visto o informe de fiscalización do 2/09/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 30/08/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, con data do 13 de agosto de 2019, adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	94,00
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	85,46
3	EULEN, S.A.	70,92



Concello de Vigo

Orde	Licitadores	Puntuación total
4	SACAFERRO S.L.	44,08

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Con data do 26 de agosto de 2019 a concelleira delegada de Contratación adoptou a seguinte resolución:

“1º.- Rectificar o primeiro punto da resolución de data 13 de agosto de 2019 de clasificación das ofertas presentadas e admitidas neste procedemento, no referido ao nome do licitador clasificado en terceiro lugar, que quedará redactado como segue:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	94,00
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	85,46
3	FLUGE GALICIA	70,92
4	SACAFERRO S.L.	44,08

Segundo.- Notificar esta resolución a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. para o seu coñecemento e publicala no perfil de contratante”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., o día 14 de agosto de 2019, que presenta a documentación requirida os días 14 e 20 de agosto de 2019, dentro do prazo concedido. Esta documentación foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 22 de agosto de 2019, resultando correcta.

No entanto, comprobado de oficio que o licitador non estaba ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, a Mesa acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. para que puidese acreditar estar ao corrente nas súas obrigas co citado organismo.

Dentro do prazo concedido, o 28 de agosto de 2019, o licitador presentou a documentación requirida.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de agosto de 2019 revisou a documentación presentada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. o 28 de agosto de 2019, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 26 de xullo e 6 de agosto de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades



Concello de Vigo

e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) *por un prezo total de 208.783,08 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.235,08 euros euros e coas seguintes condicións:*

- a) *Propón unha porcentaxe de desconto do 17,93% a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G do Anexo I (FEC) do PCAP.*
- b) *Propón o incremento da experiencia mínima esixida no apartado 16.B.1.a das FEC para o/a xefe/a de sala en servizos de traballos técnicos similares de 9 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

13(784).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO ARTICULADO MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES Á RESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE”- ANO 2019. EXPTE. 7462/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 5/09/19 e o informe de fiscalización da mesma data dáse conta do informe-proposta do 4/09/19, asinado pola técnica de Turismo, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data do Rexistro Xeral 2 de setembro de 2019, a Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante, FVCB) presenta escrito de solicitude (Nº Doc. 190134760) do primeiro pago da transferencia de financiamento para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes a presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, por importe de 250.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria

4320.4800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ANTECEDENTES.-

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego. A FVCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións a que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos con esta actividade.
- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15, aprobou na reunión do padroado de data 25 marzo de 2019 aprobou o Anexo I. Memoria e orzamento do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2019.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no ámbito das súas competencias.

A FVCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a FVCB de continuidade a unha serie de accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2019.

Esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da FVCB de todo o sector turístico de Vigo aconsella que a difusión e promoción da candidatura se realice a través de este ente no que participa o Concello de Vigo.

A obtención da declaración das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade suporía para a cidade o recoñecemento dese recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

DOCUMENTACIÓN.-

A FVCB presenta a documentación relativa ao expediente de transferencia, que está integrada pola seguinte documentación:

- Anexo I. Memoria e orzamento do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2019.

Revisada a memoria que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2019, no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fins fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

Dita memoria, contén o plan de actuación que cumpre co disposto no artigo 15.2.d dos Estatutos " corresponde ao Padroado aprobar o plan de actuación".

O Servizo de Turismo adxunta os seguintes certificados xa aportados pola FVCB:

- Acta Nº16 Padroado FVCB, do 25 de marzo 2019
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.
- Certificado de estar ao corrente co Concello de Vigo.
- Certificación da conta bancaria.

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB E LEXISLACIÓN APLICABLE.-

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de

decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

O Decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de data 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo de Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, establece na Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo, entre outras, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración.

De acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma.

Ata o ano 2017, a xestión da colaboración do Concello de Vigo coa FVCB para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", viñan desenvolvéndose da cordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia por unha subvención nominativa, enmarcado nun convenio de colaboración, no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 " No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".

Á vista do informe do servizo de Intervención de data de 9 de febreiro de 2018 (expte.6936-104) de transferencia de financiamento do Concello de Vigo á FVCB para o seu funcionamento durante o exercicio 2018, no que alude ao Convenio Cíes 2018 como: "A estimación dos ingresos que presenta a FVCB inclúe o concepto Convenio 250.000,00€, o servizo xestor na súa execución debe considerar o disposto no artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións."

Polo exposto, a fórmula de subvención nominativa substitúese pola de transferencia de financiamento non suxeita a Lei xeral de subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos e as obrigas das partes que establecerase a través dun convenio de colaboración, que recolle os contidos mínimos esixidos para a concesión desta transferencia do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público. A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da



Concello de Vigo

achega municipal, así como a actividade de FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

A maiores e toda vez que entre en vigor o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor, segundo informe do servizo de Intervención de data 9 de febreiro de 2018 (Expte 6936-104).

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira Delegada da área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio.

PROPONSE.-

1º.- Que se aprobe o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS "ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE" DURANTE O ANO 2019.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 250.000,00€ (dous centos cincuenta mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.480000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS "ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE" DURANTE O ANO 2019. (EXPTTE 7462-104)

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezanove.

REÚNENSE

A Concellería de Turismo (en adiante CONCELLERÍA) no seu nome e representación D^a. M^a Carmen Iago Barreiro en virtude do seu cargo de Concelleira-delegada da área de Festas e Turismo do Concello de Vigo, con enderezo na Praza do Rei N^o1, CP. 36202, (CIF P3605700H), para o que foi nomeada polo decreto de delegación de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo.

Doutra parte, D^a. Belen Vallina González, na súa condición de Directora Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB) con CIF G27722883, con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo 3, Estación Marítima de Ría – local 2

Dona Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local que da fe do acto

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **FVCB** é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB consta no Inventario de entidades da Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas como Fundación da Administración Pública a Fundación Convention Bureau (*) A A P P - 0 1 / 1 2 / 2 0 1 8. Asemade conforme o acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma e conforme o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor.

O fin da FVCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas coas actividades turísticas.

-Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa transcendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.

-Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e proveedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.

-Producir e distribuir a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de eventos.



Concello de Vigo

-Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.

-Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.

-Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15 dos Estatutos de Fundación, aprobou na reunión do padroado de data 25 de marzo de 2019 o Convenio Illas Cíes 2019, o Anexo I, Memoria e orzamento do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2019, que recolle o seu plan de traballo para o vixente ano.

II.- Que o **Concello de Vigo** de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

III.- Que o **Concello de Vigo e a FVCB** veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidades dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuación que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo.

IV.- Que o **Concello de Vigo** esta interesado en continuar os trámites conducentes á difusión das accións de promoción para á presentación da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" iniciados no ano 2015.

A UNESCO, Organización das Nación Unidas para a Cultura, Ciencia e Educación, concede a través dun programa específico fundado pola Convención sobre a Protección do Patrimonio Cultural e Natural, o título de Patrimonio da Humanidade a sitios específicos do planeta de excepcional importancia cultura ou natural previamente nomeados e confirmados para a súa inclusión na lista elaborada polo Programa Patrimonio da Humanidade, a cal, alén do recoñecemento unha excepcional visibilidade, permite acompañar o desenvolvemento da "marca cidade" ou "destino turístico".

Ata a data en Galicia foron declarados Patrimonio da Humanidade, a cidade Vella de Santiago de Compostela, o Camiño de Santiago, a Torre de Hércules e a Muralla Romana de Lugo.

A inclusión na lista de Patrimonio da Humanidade implica que recurso proposto teña un “sobresaliente valor universal”. Tal inclusión esixe que satisfaga polo menos un dos dez criterios de selección. No caso que nos ocupa as Illas Cíes cumpren cos apartados 7, 9 e 10 do decálogo:

- Conter fenómenos naturais superlativos ou áreas de excepcional beleza natural e importancia estética
- Ser un dos exemplos eminentes de procesos ecolóxicos e biolóxicos no curso da evolución dos ecosistemas.
- Conter os hábitats naturais máis representativos e máis importantes para a conservación da biodiversidade, incluíndo aqueles que conteñen especies ameazadas de destacado valor universal desde o punto de vista da ciencia e o conservacionismo.

V.- Que a **FVCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, para continuar as actuacións de difusión conducentes á posta en marcha da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, así como todas aquelas funcións de promoción para a consecución da mesma.

A obtención da declaración das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” suporía para o turismo de Vigo e para a FVCB o recoñecemento dun recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

VI.- Que o **Concello de Vigo** no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.4800000 prevé unha transferencia Convenio das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, polo importe de 250.000€ (dous centos cincuenta mil euros).

A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts. 47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público. Concretamente o convenio proposto serve como medio de instrumentación dunha transferencia de financiación prevista no orzamento municipal. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei xeral de subvencións está excluída do ámbito de aplicación da lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

VII.- Que o **Concello de Vigo** desenvolveu nos últimos anos, o Plan de Competitividade de produto Turístico “Turismo Urbano e de Ría” (PCPT Vigo) co obxecto, entre outros, de



Concello de Vigo

aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, aumentar os ingresos e rendabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

O PCPT Vigo “Turismo urbano e de Ría” desenvolveu un significativo número de programas e produtos turísticos, segmentado e con grande capacidade de comercialización entre os que de xeito destacado se atopan a Ría de Vigo e as Illas Cíes.

As Illas Cíes son o recurso turístico por excelencia da cidade de Vigo, segundo recurso turístico máis visitado de Galicia, polo que precisan da xestión adecuada para a posta en marcha de accións conducentes á difusión da candidatura “Illa Cíes Patrimonio da Humanidade”, así como aquelas de promoción da mesma.

O Decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de datas 18, 20 e 26 de xuño de 2019, establece na Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo, entre outras, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a FVCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración durante o ano 2019.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio ten por obxecto a instrumentalización dunha transferencia de financiación para a execución do proxecto “ILLAS CIES PATRIMONIO DA HUMANIDADE 2019” aprobado polo Padroado da FVCB en sesión de data 25 de marzo de 2019 por importe de 250.000 euros prevista na aplicación orzamentaria 4320 4800000 consistente na execución das accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2019, recollidos no Anexo I.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.

A FVCB, comprométese a colaborar coa CONCELLERÍA, para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, o período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será o ano 2019, conforme co programa recollido no Anexo I, cuxas liñas de actuación son as seguintes:

- Programa educativo “Planeta Cíes”: Illas Cíes Patrimonio Mundial Unesco.
- Publicación libro sobre as Illas Cíes.
- Talleres infantís de divulgación científica e actividades para escolares.
- Cíes cultura 2019.
- Concurso de debuxo e artesanía infantil.
- Banners-microsites promocionais-campañas publicitarias.
- Distribución de material educativo na comunidade escolar.
- IV edición concurso de fotografía “#sientocíes”.
- Caderniños temáticos.
- Accións de divulgación, promoción, apoio e edición de materiais.

-Colaboracións e convenios.

-Dinamización da candidatura nas redes sociais.

Así como o desenvolvemento das seguintes actuacións:

1.- Levar a cabo a continuidade das accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía sobre o proceso da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade".

2.- Dar continuidade as actividades de promoción das Illas Cíes necesarias para a concienciación previa á posta en marcha da obtención da declaración.

3.- Dotar do material e equipamento adecuado para conseguir os obxectivos do programas.

4.- Desenvolvemento das accións de difusión da potencial candidatura, tanto en medios físicos como en redes sociais.

5.- Asumir todos os custos directos e indirectos que se deriven do desenvolvemento das actividades.

6.- Establecer a través de recursos propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vencelladas coas tarefas descritas.

7.- Comunicar á Concelleira-delegada da área de Festas e Turismo calquera modificación que se produza no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia de financiamento previsto neste convenio.

8.-A FVCB deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia.

Antes de conceder o pago a FVCB deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA

A CONCELLERÍA comprométese a xestionar o pagamento á FVCB, para continuar coa execución e desenvolvemento das accións de difusión e promoción do proxecto de candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2019, polo importe de 250.000€ (douscentos cincuenta mil euros).

CUARTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS APORTACIÓNS.

Esta transferencia de financiamento será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou outros ingresos conforme o artigo 30 dos Estatutos. No caso de que o custo total da actividade resultase ser menor que o previsto para a execución do proxecto contemplado para a concesión da actividade ou se reducisen na execución da actividade as actuacións ou elementos previstos



Concello de Vigo

como integrantes da mesma ou se obtiveran outros ingresos, procederá á redución da transferencia na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

QUINTA.- PAGAMENTO DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

O pagamento da cantidade recollida neste convenio efectuarase en tres pagos,

- O primeiro pago será polo importe de 125.000€ (cento vinte e cinco mil euros) o 50% do importe do convenio, que farase efectivo á sinatura do convenio.
- O segundo pago por importe de 62.500€ (sesenta e dous mil cincocentos euros) o 25% do importe do convenio, que farase efectivo na 1ª quincena de outubro.
- O terceiro pago por importe de 62.500€ (sesenta e dous mil cincocentos euros) o 25% do importe do convenio, que farase efectivo na 1ª quincena de decembro.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES8720805000683040324245 da Entidade Bancaria ABANCA, con cargo a aplicación presupostaria 4320.4800000 Convenio xestión "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" polo importe total de 250.000 € (douscentos cincuenta mil euros)

SÉXTA.- PUBLICIDADE.

A FVCB debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do Concello de Vigo e da FVCB, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa da CONCELLERÍA.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN.

1.-A FVCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu a transferencia de financiamento. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria parcial de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente transferencia, con indicación das actividades desenvolvidas durante o ano 2019 dentro do programa obxecto do primeiro pago, debe presentarse coa solicitude do segundo pago.

A memoria parcial de actuación xustificativa do segundo pago, deberán entregarse xunto coa solicitude do terceiro pago.

A memoria parcial de actuación xustificativa de terceiro pago deberá entregarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2019.

As memorias parciais de actuación deberán conter os datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria parcial económica xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2019 deberá presentarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2019.

A memoria económica final deberán conter un balance económico de gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, e copias compulsadas das facturas.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación

2.- A FVCB deberá achegar electrónicamente conforme o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, as xustificacións, **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

OITAVA.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da transferencia deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobados pola CONCELLERÍA, a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade.

A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitárase á capacidade do lugar onde se celebre.

NOVENA.- VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2019 e non será prorrogábel.

DÉCIMA.- CONTROVERSIAS.

A Concelleira Delegada da área de Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforman o Anexo I, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia
2. Por mutuo acordo das partes
3. Polo incumplimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.



Concello de Vigo

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.

DECIMO TERCEIRO. - JURISDICCION COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

14(785).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE (RA 6/09/19)
Francisco Javier Pardo Espiñeira.